colegio PADRES ESCOLAPIOS MONFORTE

Campo de la Compañía, 50
27400 Monforte de Lemos. Lugo
Tel.: 982400450, Fax: 982410003
www.escolapiosmonforte.es
CENTRO PRIVADO CONCERTADO

Estimadas familias:

O motivo desta circular é agradecerlles a súa colaboración nas dúas campañas que levamos a cabo neste final de ano:

Operación Quilo (E. Infantil e E. Primaria), que realizamos en colaboración con Cáritas, que é quen se encarga de repartir os alimentos recadados entre as familias máis necesitadas de Monforte

Operación Xoguete (Secundaria) realizámola en colaboración coa Cruz Vermella e o diñeiro recadado investímolo en mercar regalos que repartirá esta institución nos vindeiros días.

Estas actividades están incluídas nun programa de actividades máis amplo (titorías, dinámicas, reflexións …) coas que pretendemos espertar nos alumnos unha sensibilidade cara aos máis necesitados.

O último día para participar nestas campañas é o venres 13 de decembro

Este ano, ao igual que o pasado, queremos que a entrega dos alimentos e xoguetes sexa máis simbólica polo que decidimos organizar novamente o **Belén vivinte o día 16 de decembro, ás 16:00 horas, na explanada do Colexio (se o tempo o permite; no caso de ter choiva ese día, tentaríamos facelo no claustro monumental), no que participarán todos os alumnos do Centro**, e ao que están invitadas todas as familias e todas aquelas persoas de Monforte que se queiran sumar a esta iniciativa solidaria. Gustaríanos salientar a importancia desta campaña solidaria na que o obxectivo é axudar ás familias máis necesitadas.

Por outra banda, nesta avaliación as **ENTREGAS DE NOTAS SERÁN GRUPAIS**, da seguinte maneira:
Educación Infantil: xoves , día 19, as 17:45 na correspondente aula
Educación Primaria: , xoves, día 19, as 17:45 horas, na correspondente aula
Educación Secundaria Obrigatoria: xoves, día 19, as 16:30 horas na correspondente aula

Festival de infantil: claustro pequeño: xoves 12 ás 16:00 horas
Claustro monumental: venres 13 ás 16:00 horas

O día 19 participaremos co coro de primaria na 20ª Mostra de Panxoliñas para Centro de Ensino do Concello de Monforte, que comezará as 18:00 no horas no Multiusos

Recordamos que todos aqueles que non podan vir a recoller as notas poderán facelo na secretaría do Centro (en horario de secretaría) antes de que rematen as clases o día 20.
.

Aproveitamos para informarlles que as **clases finalizarán** o vindeiro venres , día 20 de decembro ás 17:30 h en Educación Infantil e Primaria e ás 14:30 na ESO. O comezo das mesmas no novo ano **será** o xoves, día 8 de xaneiro nos horarios habituais.

A FUNDACIÓN NUESTRA SEÑORA DE LA ANTIGUA, que colabora na xestión e mantemento do Colexio e o seu patrimonio, ten na súa páxina web https://www.fundacioncolegionsdelaantigua.org/, unha pestaña de MECENAZGO onde se poden facer doazóns voluntarias (se emite o correspondente certificado de doazón co que se recupera na declaración da renda o 75% para os 150 primeiros euros doados) e que serven para financiar proxectos culturais, educativos e sociais (merca de pupitres, ordenadores, becas de comedor,..). Animamos a quen queira a que contribúa coa súa doazón

Despídome desexando que teñan unhas felices festas e que a alegría da chegada do Neno Deus encha os nosos corazóns de fe, amor e paz ¡Feliz Nadal! .

----------RECORTAR E ENTREGAR AO TITOR----------

D. …… pai/nai do alumno …….. recibín a circular entregada o 05 de decembro do 2019 e na que nos informan sobre a entrega de notas e das vacacións de Nadal.

Asdo.: